



AXUDAS  
**PROGRAMA  
APROL ECONOMÍA SOCIAL**

Convocatoria 2020

**XUNTA DE GALICIA**

Normas xerais e convocatoria ..... 2

Programa I – Fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais..... 4

Programa II – Fomento do acceso á condición de persoa socia ..... 6

**IMPORTANTE:**

**A información que se ofrece neste documento é un resumo que non substitúe a orde de bases reguladoras.**

Antes de presentar a solicitude de subvención debe consultar a orde na súa versión íntegra

## NORMAS XERAIS E CONVOCATORIA

### NORMATIVA REGULADORA

Orde do 5 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións para o fomento do emprendemento en economía social (**programa Aprol-economía social**), e se convocan para o ano 2020 (DOG núm. 6, do 10.01.2020).

### FINALIDADE

Fomentar a incorporación de persoas desempregadas e persoas traballadoras temporais a cooperativas e sociedades laborais a través de 2 programas de axudas:

- PROGRAMA I: Fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais.
- PROGRAMA II: Fomento do acceso á condición de persoa socia.

### BENEFICIARIAS

Esta convocatoria diríxese a:

- a) Cooperativas e sociedades laborais para as actuacións previstas no programa I.
- b) Persoas desempregadas, socias ou traballadoras de cooperativas ou sociedades laborais ou doutras empresas que se transformen nestas, para as actuacións previstas no programa II.

### PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

#### PROGRAMA I (procedemento TR802G)

As solicitudes presentaranse **obrigatoriamente** por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

#### PROGRAMA II (procedemento TR802J)

As solicitudes presentaranse **preferiblemente** por vía electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes de forma presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

#### PRAZO DE PRESENTACIÓN

Desde o día seguinte ao da publicación da orde no DOG e ata o 30 de setembro de 2020

## TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN

---

O órgano competente por razón de territorio para tramitar e resolver estas axudas é a xefatura territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

### PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

Concorrenza non competitiva

## EXECUCIÓN DAS ACCIÓNS

---

Son subvencionables as incorporacións que se produzan dentro do período de execución.

Para o programa II, o pagamento efectivo da achega ao capital social debe facerse no mesmo período.

### PERÍODO DE EXECUCIÓN

Desde o 02/10/2019 ata o 14/11/2020

## XUSTIFICACIÓN

---

As persoas ou entidades beneficiarias deberán presentar a xustificación conforme á resolución de concesión e solicitar os correspondentes pagamentos mediante solicitude conforme os modelos que figuran como anexos na orde.

### DATA MÁXIMA DE XUSTIFICACIÓN

15 de novembro de 2020

## FINANCIAMENTO

---

Esta convocatoria está dotada con 3.066.330,00 €, financiados con fondos finalistas do Estado. A distribución inicial de créditos entre os dous programas é a seguinte:

- Programa I: 1.466.330,00 €.
- Programa II: 1.600.000,00 €.

## PROGRAMA I – FOMENTO DO EMPREGO EN COOPERATIVAS E SOCIEDADES LABORAIS

### FINALIDADE

Fomento da incorporación de persoas socias traballadoras ou de traballo a cooperativas ou sociedades laborais.

### BENEFICIARIAS. REQUISITOS

1. Poderán acollerse a estes incentivos as **cooperativas e sociedades laborais que incorporen persoas socias traballadoras ou de traballo**, en centros de traballo situados na Comunidade Autónoma de Galicia.

a) Se a incorporación é de carácter indefinido, as persoas incorporadas serán:

- persoas **desempregadas** inscritas como demandantes de emprego
- persoas vinculadas á cooperativa ou sociedade laboral por un contrato de **traballo temporal**
- ou ben **persoas socias a proba** da cooperativa á que se incorporan

A incorporación deberá supor un incremento do emprego fixo e do número de persoas socias traballadoras ou de traballo da cooperativa ou sociedade laboral, respecto á media dos últimos 12 meses.

b) Se a incorporación é como persoa socia en proba, esta debe ser unha **persoa menor de 30 anos (ou menor de 35 anos se ten discapacidade)**, inscrita como **demandante de emprego**.

2. A incorporación poderá ser a **xornada completa ou a tempo parcial**. Neste caso, deberá comprender como mínimo o 50 % da xornada ordinaria.

3. **Non se concederá** esta subvención cando se trate da incorporación de:

- persoas socias traballadoras ou de traballo que tiveron tal condición na mesma cooperativa ou sociedade laboral, nos 2 anos anteriores á súa incorporación.
- persoas polas cales se obtiveron as subvencións previstas para a incorporación como persoas socias.

Estas limitacións non se aplicarán no caso de que a incorporación anterior fose como persoa socia a proba.

4. As cooperativas e as sociedades laborais **deberán cumprir cos topes máximos de traballadores ou traballadoras por conta allea** da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, e da Lei 44/2015, do 14 de outubro, de sociedades laborais e participadas.

5. En todo caso, as cooperativas ou sociedades laborais **deberán acreditar a viabilidade do seu proxecto empresarial**.

## CONTÍA DOS INCENTIVOS

1. Por cada persoa que se incorpore con carácter indefinido e a xornada completa: **6.000,00 €** con carácter xeral.

Esta contía **incrementarase nas porcentaxes** que se sinalan a seguir, que son acumulables entre si:

- a) un 25% se a persoa incorporada é unha **muller**.
- b) un 25% se a persoa incorporada ten **discapacidade** ou se atopa en **situación ou risco de exclusión social**.
- c) un 25% se a persoa incorporada ten **máis de 45 anos**.
- d) un 25% se a persoa incorporada ten a condición de **emigrante retornada**.
- e) un 25% se a persoa incorporada ten a condición de **trans**.
- f) un 25 % se o centro de traballo ao que se incorpora a persoa socia está situado nun **concello rural**.
- g) un 25% se se trata dunha **cooperativa xuvenil**.

2. Por cada mozo ou moza incorporada como persoa socia traballadora ou de traballo a proba a subvención ascenderá a **600,00 € ao mes**, por un período de entre 6 e 12 meses.

3. Cando a dedicación sexa a tempo parcial ou en condición de fixo discontinuo, a contía dos incentivos previstos nos puntos anteriores reducirase ao 50 %.

4. A contía máxima por beneficiaria será de **67.500,00€**.

## OBRIGAS

Ademais das recollidas con carácter xeral no artigo 17 da orde, as entidades beneficiarias de subvencións deste programa deberán cumprir as seguintes obrigas:

1. Manter polo menos durante **2 anos** desde a data da resolución de concesión unha **forma xurídica** de entre as elixibles para resultaren beneficiarias da subvención concedida, así como a **actividade empresarial**.

2. No caso de subvencións por incorporación con carácter indefinido: **manter a persoa** pola cal se concede a subvención como persoa socia traballadora ou de traballo co mesmo carácter, polo menos durante **2 anos** desde a súa incorporación.

No caso de subvencións por incorporación como **persoa socia a proba**, débese manter a persoa incorporada, polo menos, no tempo subvencionado.

En ambos os casos, no suposto de baixa da persoa socia nese período, existe a obriga de substituíla por outra. O feito da baixa ou a substitución deben ser comunicados nun mes. A nova incorporación en ningún caso dará lugar a unha nova subvención.

3. Manter o incremento do emprego fixo e do número de persoas socias traballadoras ou de traballo da cooperativa ou sociedade laboral, respecto a media dos últimos doce meses polo menos durante 2 anos.

## PROGRAMA II – FOMENTO DO ACCESO Á CONDICIÓN DE PERSOA SOCIA

### FINALIDADE

Fomento do acceso:

- á condición de persoas socias traballadoras ou de traballo de cooperativas ou de sociedades laborais.
- de persoas emprendedoras por conta propia á condición de socias de cooperativas.

Facilítase mediante o financiamento das **achegas económicas ao capital social** que debe desembolsarse para a incorporación como socio ou socia.

### BENEFICIARIAS. REQUISITOS

Poderán ser beneficiarias:

1. As persoas que accedan á condición de **persoa socia traballadora ou de traballo dunha cooperativa ou sociedade laboral** con carácter indefinido, que desenvolvan a súa actividade nun centro de traballo situado en Galicia e que, no momento da súa incorporación, sexan:

- a) Persoas **desempregadas** inscritas como demandantes de emprego.
- b) Persoas **socias a proba** da cooperativa á cal se incorporan.
- c) Persoas **asalariadas** da cooperativa ou sociedade laboral á cal se incorporan.
- d) Persoas **asalariadas dunha empresa que se transforme** nunha cooperativa ou sociedade laboral, sempre que non teñan a condición de socias da empresa transformada.

e) Persoas **socias traballadoras ou de traballo** dunha cooperativa ou sociedade laboral **a tempo parcial** que accedan á mesma condición a tempo completo.

A incorporación poderá ser a xornada completa ou a tempo parcial, comprendendo, neste último caso, como mínimo o 50% da xornada ordinaria.

Deberase acreditar a viabilidade do proxecto empresarial ao que se incorpora a persoa solicitante mediante a memoria técnica e económica do proxecto empresarial ou o plan de empresa.

As cooperativas e as sociedades laborais deberán cumprir cos topes máximos de traballadores ou traballadoras por conta allea da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, e da Lei 44/2015, do 14 de outubro, de sociedades laborais e participadas.

2. As persoas **desempregadas** inscritas como demandantes de emprego que **empresen unha actividade por conta propia e se incorporen nunha cooperativa** como persoas socias con carácter indefinido, con compromiso de exclusividade, para comercializar os seus produtos, obter subministracións, servizos e a asistencia técnica que precisen, sempre que teñan o seu domicilio social e fiscal en Galicia.

Deberase acreditar a viabilidade da actividade económica que a persoa realizará por conta propia mediante a memoria técnica e económica do proxecto empresarial ou o plan de empresa.



**Aclaración:**

- Ningunha persoa poderá ser beneficiaria de máis dunha subvención das previstas neste programa.
- Non se poderá conceder esta axuda a persoas que obtivesen unha subvención para financiar a achega ao capital social de cooperativas ou sociedades laborais durante os últimos 5 anos, agás no suposto sinalado no número 1.e) anterior.

**CONTÍA DAS SUBVENCIONS**

## 1. Con carácter xeral:

- a) As persoas beneficiarias previstas no punto 1, letras a) b) c) e d) e no punto 2 do apartado anterior: ata **6.000,00 €**.
- b) As persoas beneficiarias previstas no punto 1.e): ata **3.000,00 €**.

2. As contías sinaladas no punto anterior incrementaranse nas porcentaxes que se sinalan a seguir, que son acumulables entre si:

- a) un 25 % se a persoa beneficiaria é unha **muller**.
- b) un 25% se a persoa beneficiaria ten **discapacidade** ou se atopa en **situación ou risco de exclusión social**.
- c) un 25% se a persoa beneficiaria ten máis de **45 anos**.
- d) un 25% se a persoa beneficiaria ten a condición de **emigrante retornada**.
- e) un 25% se a persoa beneficiaria ten a condición de **trans**.
- f) un 25 % no caso de que o centro de traballo ao que se incorpora a persoa socia estea situado nun **concello rural**.

g) un 25% se se trata dunha **cooperativa xuvenil**.

3. Cando a dedicación da persoa incorporada sexa a tempo parcial ou en condición de fixo discontinuo, a contía máxima dos incentivos previstos nos puntos anteriores reducirase ao 50 %.

4. As contías referidas nos anteriores puntos en ningún caso poderán ser superiores ás que subscriba o socio ou socia en concepto de achega de capital social e cota de ingreso, ou de accións ou participacións sociais segundo o caso, pola súa incorporación.

**OBRIGAS**

Ademais das recollidas con carácter xeral no artigo 17 da orde, as persoas beneficiarias de subvencións deste programa deberán cumprir as seguintes obrigas:

1. Manter a condición na mesma cooperativa ou sociedade laboral a que se incorporan por un período mínimo de 2 anos desde a súa incorporación.

2. O importe das ditas subvencións recoñecido como capital social deberá **manter o seu carácter de achegas ao capital social** de sociedades cooperativas, **ou de accións ou participacións sociais de clase laboral**, no caso das sociedades laborais, durante un período mínimo de **2 anos** desde que se realice a achega.

Durante este período, non poderán ser obxecto de reembolso nin transmisión por actos inter vivos. Non obstante, a persoa socia que cause baixa obrigatoria poderá transmitir a súa achega a favor da persoa que se incorpore para substituíla nas mesmas condicións e ata o final do referido período, como mínimo. Esta substitución non dará lugar a unha nova subvención.



Máis información:  
**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

**Secretaría Xeral de Emprego**

Edif. Administrativo. San Lázaro, s/n  
15781 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 957 745

**Xefatura Territorial da Coruña**  
Avda. Salvador de Madariaga, 9  
15071 A Coruña  
Teléfono: 881 881 595

**Xefatura Territorial de Ourense**  
Avda. de la Habana, 79  
32071 Ourense  
Teléfono: 988 386 401

**Xefatura Territorial de Lugo**  
Rolda da Muralla, 70  
27071 Lugo  
Teléfono: 982 294 290

**Xefatura Territorial de Vigo**  
Concepción Arenal, 8  
36201 Vigo  
Teléfono: 986 817 753

[ceei.xunta.gal](http://ceei.xunta.gal)  
[economiasocial.emprego@xunta.gal](mailto:economiasocial.emprego@xunta.gal)

[eusumo.gal](http://eusumo.gal)  
[info@eusumo.gal](mailto:info@eusumo.gal)

